

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social

Resolución de inscrición e publicación das táboas salariais para 2021 do Convenio Colectivo do sector de derivados do Cemento da Provincia da Coruña (15000465011981)

O 20 de maio de 2022 tiveron entrada no rexistro de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia as táboas salariais para 2021 do Convenio Colectivo do sector de derivados do Cemento da Provincia da Coruña (15000465011981, AP_RA87HF56)

A tramitación deste procedemento regúlase no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE núm 255, do 24 de outubro de 2015) e no Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, (BOE núm.143, do 12 de xuño de 2012), así como na Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm 222, do 18 de novembro).

As taboas salariais de referencia foron aprobadas mediante acordo do 18 de maio de 2022 entre ASFADECE e a representación de UXT e CCOO e a súa tramitación administrativa foi realizada por persoal deste órgano de dirección territorial, por canto a súa titular é a competente para resolver a súa inscrición e publicación, ao abeiro do Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (DOG núm. 130, de 8 de xullo de 2022).

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. Que se inscriban no rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia as táboas salariais para 2021 do Convenio Colectivo do sector de Derivados do Cemento da Provincia da Coruña, 15000465011981 .

2. Que se remitan, para a súa publicación, ao Boletín Oficial da provincia da Coruña.

A Coruña, 30 de xaneiro de 2023

A xefa territorial

Judit Fontela Baró

CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DE DERIVADOS DO CEMENTO DA PROVINCIA DE A CORUÑA

COMISIÓN NEGOCIADORA

ASISTENTES:

Representación social: CCOO: Ricardo Oscar Santos Reiriz DNI: 52.459.796-Q UGT: Isabel Pérez Paz DNI: 79.333.190-A	Representación empresarial: ASFADECE Francisco García Carrillo DNI: 32.755.668-B
---	---

En A Coruña, nos locais da Confederación de Empresarios de A Coruña (CEC), sendo as 10:30 horas do día **18 de Maio** de 2022, reúnese a mesa da comisión negociadora do Convenio Colectivo do sector de Derivados do Cemento da provincia de A Coruña.

Dado o avanzado do ano, estando xa a 18 de maio de 2022, ambas partes acordan suscribir o acordo salarial do ano 2021, con un incremento salarial acordado para 2021 de un 2% sobre as táboas de 2019, con carácter retroactivo dende o 1 de xaneiro de 2021, sendo abonados os atrasos xerados dentro do mes seguinte a publicación no BOP

As partes fixan a seguinte reunión para o día 22 de xuño de 2022, ás 10:30 horas nos locais da Confederación de Empresarios de A Coruña.

As partes acordan **autorizar a D. Ignacio Bouzada Gil, do Consello Galego de Relacións Laborais**, para proceder a realizar cantos trámites sexan necesarios ante a autoridade laboral para a inscrición e registro do presente acordo de calendario laboral na Plataforma Regcon, así como en tódolos rexistros correspondentes que sexan precisos, coa finalidade da súa validación e publicación.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 11:45 horas do día e lugar arriba indicados, do cal as partes dan fe coa súa sinatura.

TABLA DE 2021 DERIVADOS DE CEMENTO A CORUÑA							
GRUPO	SALARIO		COMPLEMENTOS		PAGAS EXTRAS		TOTAL ANUAL
	MES	DIA	CONVENIO	NO SAL	JULIO	NAVIDAD	
1	1.833,32		15,38	82,86	1.735,83	1.735,83	29.803,65
2	1.549,76		15,38	82,86	1.476,08	1.476,08	25.881,44
3	1.160,67		15,38	82,86	1.114,55	1.114,55	20.489,31
4	1.137,05		15,38	82,86	1.081,14	1.081,14	20.139,00
5	1.119,97		15,38	82,86	1.065,45	1.065,45	19.902,73
6		36,30	15,38	82,86	1.049,75	1.049,75	19.681,85
7		35,70	15,38	82,86	1.034,07	1.034,07	19.430,82
8		35,09	15,38	82,86	1.017,87	1.017,87	19.175,04

2023/631